XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
AUGAS DE GALICIA
Demarcación Galicia Sur

San Salvador, 2 – 4º Andar
(Praza Fernando El Católico)
36204 Vigo
Teléfono: 986 817152
Fax: 986 817155

augasdegalicia

EXPEDIENTE: **SOLICITUDE DE INFORME PARA CAMBIO DO LEITO DO RÍO BARXA. PROXECTO SECTORIAL HOSPITAL VIGO. CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)**
PETICIONARIO: **GABINETE DE ARQUITECTURA E URBANISMO**
ASUNTO: **INFORME**

Examinada a documentación presentada polo solicitante, referente o cambio do curso do leito do río Barxa, por mor da construción do novo Hospital de Vigo, no contexto da tramitación do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal do Novo Hospital de Vigo, se informa FAVORABLEMENTE sempre que se respecten os seguintes puntos:

- O cambio do leito produce a modificación de dominio público hidráulico e nas zonas de servidume e policía de leitos, de 5 e 100 metros, segundo o Texto Refundido da Lei de Augas.
- A nova zona de servidume de 5 metros, que deberá quedar expedita para o seu uso público, segundo define o Regulamento da Lei do Dominio Público Hidráulico, deberá quedar en terreos do ámbito do novo hospital, de forma que non cause prexuízos a outros propietarios
- A modificación do leito, deberá ter Información Pública, tendo en conta que a nova zona de policía de 100 metros dende o nivel de máxima avenida ordinaria pode afectar a propietarios que anteriormente non estiveran afectados, de xeito que poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.
- O reducir a lonxitude do curso do río, a pendente do río aumentará, polo que deberán disporse as medidas tendentes a non modificación das características hidráulicas augas abaixo da referida modificación.
- Deberá contar con Informe do Servizo de Conservación da Natureza, da consellería de Medio Ambiente, co gallo de definir a tipoloxía da nova canalización, procurando manter, na medida do posible unha sección do leito ó mais natural posible.

Os proxectos construtivos, tanto da canalización do río, como outras obras, deberán someterse á preceptiva autorización deste Organismo de conca, no caso que afectasen o Dominio Público Hidráulico ou as zonas contempladas na Ley de Augas Título 1º Capítulo primero y segundo.

Vigo, 6 de febreiro de 2008

O Xefe da Área de Autorizacións e Concesións

Asdo. Alberto Bosquet Herreros